GALEGO

Lectura Fácil

Exposición

Voces do pacífico. Innovación e tradición



Do día 5 de xuño ao día 29 de novembro de 2026

Museo Centro Gaiás, andar 3. Na cidade de Santiago de Compostela

Exposición organizada coa colaboración de:

XUNTA DE GALICIA · GALICIA CALIDADE · Xacobeo 2027 · The British Museum · Fundación "la Caixa" · CG autismoGALICIA



Lectura Fácil

© Logo Europeo de Lectura fácil: Inclusion Europe.
https://www.inclusion-europe.eu/easy-to-read/

Lectura Fácil
Este documento está adaptado a lectura fácil.
A lectura fácil é unha maneira de redactar
con palabras fáciles para que os textos se entendan mellor.
A lectura fácil é unha ferramenta de accesibilidade cognitiva.

Este documento cumpre as instrucións de lectura fácil.
Cumpre a norma de calidade
UNE 153101:2018 EX de Lectura Fácil.

Texto en lectura fácil segundo os contidos da exposición
«Voces do pacífico. Innovación e tradición».

Coordinación:
Federación Autismo Galicia
a través da súa **Rede de Accesibilidade**.
Este texto o validaron persoas
con discapacidade intelectual e cognitiva.
- Adaptación do texto a lectura fácil: **Aitana García**.
- Equipo de validación: **Asociación Asperga**.

Rede de Accesibilidade
AUTISMO GALICIA

Horarios e datas de visita:

A exposición encóntrase no Museo Centro Gaiás
de Santiago de Compostela.

A exposición está desde o 5 de xuño
ata o 29 de novembro de 2026.

A exposición pódese visitar
de martes a domingo
de 10 da mañá a 8 da tarde.
O museo pecha os luns.

A entrada ao museo é gratuíta
e conta con acceso adaptado.

Contidos:

1. Chegamos á exposición «Voces do Pacífico. Innovación e tradición» ..... Páxina 4
2. Unha viaxe polo océano Pacífico e os seus pobos ..... Páxina 6
3. Introdución ..... Páxina 8
4. Innovadores ..... Páxina 10
5. Tecedores ..... Páxina 12
6. Bailaríns ..... Páxina 13
7. Guerreiros ..... Páxina 14
8. Tallistas ..... Páxina 16
9. Viaxeiros ..... Páxina 18

---

1. Chegamos á exposición: «Voces do Pacífico. Innovación e tradición».

A exposición: «Voces do Pacífico. Innovación e tradición», mostra a arte e a cultura das xentes das illas do **océano Pacífico**.

Na exposición hai máis de 200 obxectos culturais. Estes obxectos unen os costumes do pasado e as obras dos artistas actuais.

Océano
Gran extensión de auga salgada. Hai 5 océanos en todo o planeta.

Océano Pacífico
É o océano máis grande do mundo. O Pacífico separa os continentes de Asia e Australia de América.



2. Unha viaxe polo océano Pacífico e os seus pobos.

No noso planeta hai 7 océanos diferentes.
O océano Pacífico é un deles.
É o máis grande e profundo de todos.

O océano Pacífico baña moitos sitios diferentes.
É moi rico en variedade de **hábitats**
de animais e plantas.
O océano Pacífico une as persoas isleñas
por medio da auga.
As persoas utilizan o océano como autoestrada
e como forma de se conectaren entre elas.

Hábitat
Lugar onde vive un ser vivo.
Por exemplo: o oso vive na fraga.
A fraga é o seu hábitat.

As xentes das illas do Pacífico teñen
moita creatividade e sensibilidade artística.
As tradicións culturais tamén conectan
entre si as persoas das illas do océano Pacífico.

Os habitantes do Pacífico son uns artistas excepcionais.
O océano inspira as súas creacións artísticas
e conecta os pobos coa súa cultura.
Crean obxectos fermosos para a súa vida diaria usando:

- pedra,
- madeira,
- cunchas,
- fibras
- e tecidos.



Imaxe dun illote no Océano Pacífico.



Imaxe da natureza dunha isla
no Oceáno Pacífico.

As xentes constrúen diferentes obxectos con estes materiais;
por exemplo: canoas decoradas, abanos e anzois, entre outros.


• Expertos en longas viaxes polo océano.

Os **isleños** do Pacífico son grandes navegantes.
Son expertos en viaxes de longa distancia
e en adaptar a súa cultura a un cambio constante.

Isleños
Persoas que viven nunha illa.

A exposición mostra artefactos históricos
e tamén obras de artistas actuais.
Estas pezas reflicten a riqueza
da arte das illas do Pacífico.

Os primeiros exploradores españois e portugueses
chegaron ás illas hai máis de 400 anos.
A cultura das illas do Pacífico sempre espertou
moita curiosidade entre os europeos.
O contacto coa cultura europea influíu na cultura
e no modo de vida dos isleños.



Isleño do Pacífico vestido con adornos e tallas tradicionais.

• George Nuku: o cambio climático e a celebración da vida.



George Nuku diante dunha das súas obras.



Detalle dunha obra de George Nuku.

Ao final da exposición veremos unha obra do artista **maorí** George Nuku.

Maorí
Persoa do pobo nativo de Nova Zelandia.

Esta obra reflicte a visión de George Nuku sobre o cambio climático e a contaminación. A obra presenta como será o noso planeta se non o coidamos mellor: animais rodeados e asfixiados por un océano de plástico. Na obra vense animais mariños feitos con botellas de plástico, moita luz e cores vibrantes.

• Estrutura da exposición

O percorrido da exposición consta de **7 ámbitos temáticos**. Cada ámbito sinálase cunha cor diferente nas paredes da exposición.

Ámbitos temáticos
Organización por temas da exposición.

Os ámbitos temáticos da exposición son:
1. Introdución
2. Innovadores
3. Tecedores
4. Bailaríns
5. Guerreiros
6. **Tallistas**
7. Viaxeiros

Tallistas
Personas que fan figuras ou debuxos en madeira, pedra e outros materiais.

3. Introdución

Neste ámbito número 1 da exposición
exhíbense máis de 10 pezas de arte
das illas de Oceanía no Pacífico.

Oceanía é unha rexión do océano Pacífico.
En Oceanía hai moitas illas.
A creación artística ten unha grande variedade
debido á súa diversidade cultural e enxeño.

Esta exposición mostra pezas únicas
do **British Museum**.
Hai obras de arte actuais e históricas,
parte da **herdanza** cultural das illas do Pacífico.

En Oceanía, a arte forma parte
de todos os aspectos da vida.
As obras de arte deste ámbito
reflicten a vida en Oceanía.
No ámbito da Introdución atopamos
máis de 10 pezas de diferentes partes de Oceanía.
Estas obras de arte representan a diversidade
e riqueza cultural da rexión.

British Museum
Significa Museo Británico.
É un museo famoso de Londres.
As obras desta exposición veñen dalí.

Herdanza
Obxectos, bens ou coñecementos
que pasan dunhas persoas a outras.




Mapa das illas de Oceanía
no Pacífico.

Entre estas obras, destacamos unha figura feminina dunha **casa cerimonial** típica de Papúa Nova Guinea. Moitas figuras deste tipo vendéronse ao British Museum no ano 1980.

Casa cerimonial
Edificio onde un pobo xúntase para celebrar festas e reunións.

Na exposición tamén atopamos unha escultura Moái kavaka da illa de Rapa Nui ou illa de Pascua.

Esta figura é pequena e de madeira.
As figuras representaban un familiar morto.
As persoas levábanas no pescozo para lembrar os seus seres queridos.



Escultura Moai kavaka da illa de Rapa Nui ou illa de Pascua.

As xentes das illas do Pacífico viaxaban en canoa.
As canoas navegaban a remo.

Os remos eran cousas moi importantes para os insulares.
Os remos, ademais de utilizarse nas canoas, tiñan un papel destacado en cerimonias ou enterramentos.

Na exposición temos remos cerimoniais decorados da illa de Buka.



Remo ceremonial da illa de Buka.

4. Innovadores

No ámbito número 2 da exposición
falamos dos innovadores.
Representamos a Oceanía
como un conxunto de illas conectadas.

• A innovación indíxena

As xentes navegaban moi a miúdo entre illas.
Estas viaxes servían para relacionarse,
mercar obxectos de valor e facerse con outros recursos.
Os materiais e os deseños eran diferentes dun lugar a outro.
Todos os pobos das islas do Pacífico compatían
a mesma cultura e formas de expresala coa arte.

• A mestura entre culturas

Os europeos chegaron ás illas do Pacífico no século dezaoito.
A forma de vida, a liberdade e as artes tradicionais
cambiaron despois das invasións dos europeos.

• A mestura do tradicional e do novo

A partir da chegada dos europeos,
as creacións artísticas dos pobos insulares
fusionan obxectos tradicionais con materiais
máis novos como vidro, la e metal.

Hoxe en día esa innovación segue latente.
Os novos artistas adaptan novas formas
de creación e **expresión artísticas**.
Agora, os artistas insulares do século vinte e un,
expoñen as súas obras por todo o mundo.

Expresións artísticas
Formas de arte como pintura,
escultura e danza entre outras.

Paula Chan Cheuk foi a primeira deseñadora
en adaptar o tecido tradicional de Samoa
para pezas de roupa actuais.

Neste espazo atopamos un vestido de noiva
con un tecido de Samoa.

As coleccións de Oceanía no British Museum
son unha fonte de inspiración para os artistas actuais.



Deseñadora Paula Chan Cheuk.



Vestido de noiva de Paula Chan Cheuk
feito con tecido de Samoa.

5. Tecedores

No espazo número 3, tecedores,
centramos a atención nos tecidos
como obxectos de valor.

En toda Oceanía os tecidos son moi importantes.
Os tecidos agasallábanse en nacementos,
mortes e vodas das persoas queridas.

As mulleres trenzaban e tecían as pezas.
As mulleres aprendíanlles estas habilidades
ás nenas da familia.
Deste xeito, a seguinte xeración familiar
seguiría producindo tecidos grazas a esta aprendizaxe.

• Novos estilos e modas

Cando chegaron os europeos, trouxeron
prendas e teas dende Europa a Oceanía.
Moitas tradicións tecedoras dos pobos isleños
foron perdendo importancia por esta causa.

Hoxe en día, moitas illas de Oceanía
conservan estas tradicións **ancestrais**.
As mulleres insulares tecen:

- chapeus,
- abanos,
- cestas
- ou **esteiras**, entre outros obxectos.

Estes obxectos son moi populares
entre os turistas.
Moitas persoas isleñas tecen
para os turistas como forma de vida.

Ancestrais
Coñecementos ou costumes
de hai moitos anos.

Esteiras
Tecido entrelazado con plantas
de forma artesanal.
Úsase para sentar ou durmir.



Traballo de mans dunha persoa tecedora.

As persoas das illas do Pacífico fan tecidos
e roupa.
A moda é importante para elas.
Os deseñadores téxtiles innovan todo o tempo
con novos materiais e técnicas propias da súa arte.
As mulleres insulares crean téxtiles únicos
para agasallar as súas amizades ou a familia.

6. Bailaríns

A danza ocupa este espazo número 4.
A danza é a forma de expresión artística
máis famosa das illas do Pacífico.

A aparencia dos bailaríns tradicionais
das illas tiña moita importancia.
O brillo da pel, os movementos da saia
e o toucado de plumas dábanlles elegancia aos bailes.
Os sons dos tambores
e os adornos dos nocellos dos bailaríns
marcaban os ritmos do baile.

Como danzas famosas temos o *hula* de Hawai,
o *ori Tahiti* de Tahití ou o *meke* de Fixi.
Estes bailes son famosos en todo o mundo.
As competicións anuais de danza de Oceanía
reúnen moitos bailaríns do mundo enteiro.



Persoas facendo unha danza tradicional.

7. Guerreiros

Neste espazo número 5,
atopamos as batallas polo control
da terra e os recursos.
Estas batallas podían durar anos.

Un guerreiro famoso foi o xefe maorí Hōne Heke.
El e o seu pobo loitaron contra a ocupación
dos europeos das súas terras.

Os pobos do Pacífico teñen
problemas importantes hoxe en día.
Por exemplo:

- o cambio climático,
- máis poboación
- e os problemas causados pola **colonización**.

Colonización
Cando un país invade a outro,
controla as súas posesións
e as súas xentes.

Os mozos dos pobos do Pacífico organizáronse
nun movemento contra o cambio climático.
Este movemento chámase 350 Pacific,
co lema: Non afogamos, loitamos.

• Abraiar ao inimigo

Os guerreiros das illas do Pacífico
tiñan traxes para impresionar.
Os guerreiros levaban traxes de guerra,
pezas de roupa sagradas e tatuaxes para a guerra.
Os traxes protexían o corpo do guerreiro.
As vestimentas sagradas e as tatuaxes
protexían o espírito do guerreiro.

A imaxe dos guerreiros debía
abraiar e ameazar ao inimigo.
Os obxectos expostos na sección son
de Kiribati, Hawai e as illas Marquesas.
Estes obxectos servíanlles
de protección aos seus guerreiros.



Casco de guerreiro.

• Mocas

As **mocas** tiñan funcións diferentes
para os pobos de Oceanía.
As funcións das mocas eran:
para a guerra, nas danzas
ou como símbolo de poder en celebracións.

Algunhas mocas mesmo tiñan nome
e relatos propios das súas aventuras.

Mocas
Arma de man dos pobos oceánicos.

• Orgullo e resistencia

A chegada dos europeos
e a ocupación das terras tiveron
unha grande repercusión nos habitantes
das illas do Pacífico.

Os habitantes das illas
do Pacífico non eran **belicosos**.
Pero moitos deles loitaron contra o roubo
das súas terras polos europeos.

Belicoso
Persoa agresiva ou violenta.





Exemplos de persoas de illas diferentes vestidas para a loita.

8. Tallistas

No espazo número 6 da exposición
«Voces do Pacífico. Innovación e tradición»,
observamos o papel das persoas talladoras.

Ser tallista era un oficio moi importante
nas culturas das illas do Pacífico.
Os homes insulares eran os tallistas.
Os tallistas pasábanlles o seu coñecemento
e sabedoría aos nenos
da súa mesma familia ou da súa comunidade.

Nalgunhas zonas de Oceanía,
o traballo dos mestres talladores
era igual ao dun sacerdote.
Ao iniciarse como tallistas, tiñan que pasar cerimonias
e ofrendas aos deuses.
Os tallistas non podían traballar
ata que non pasaban estas cerimonias.

Moitas figuras talladas honraban
aos deuses e devanceiros dos insulares.

A beizón divina e a habilidade do tallista
eran clave para o bo resultado da peza.
As esculturas dos antepasados eran
como seres vivos para as xentes dalgunhas illas.

Os tallistas tamén creaban: monumentos,
canoas e delicados adornos de cuncha.
Os tallistas usaban ferramentas de pedra,
óso ou dentes de quenlla para os seus traballos.
Na actualidade, os tallistas son persoas
de todos os xéneros e crean obras realistas.



Escultura tallada en pedra.



Peites para tatuar.

A tatuaxe era tradicional no Pacífico.
As tatuaxes son como gravados na pel.
Os tallistas eran os tatuadores.
Os tatuadores usaban un peite afiado e tinta.

O interese polas tatuaxes das illas do Pacífico
empezou cos primeiros contactos europeos.
Os tatuadores tatuaban día e noite
aos mariñeiros nos barcos europeos.

Hoxe en día os tatuadores máis habilidosos
son artistas famosos moi solicitados.
Algúns tatuadores de sona traballan por todo o mundo.

O mestre tallista facía utensilios
para celebracións e comidas.
O tallista usaba madeira ou follas
para as vaixelas das comidas.

O *kava* é unha bebida alcohólica típica de Oceanía.
Os tallistas facían os recipientes para o *kava*.
Estes vasos estaban decorados con fermosos gravados.

9. Viaxeiros

Este é o último ámbito da exposición.
No espazo número 7 atopamos
os expertos viaxeiros das illas do Pacífico.

Os habitantes das illas do Pacífico
eran veteranos navegantes dos mares.
Os insulares habitaron unha zona moi ampla
do océano Pacífico e as súas illas.

Os pobos das illas do Pacífico
coñecían a fondo a súa contorna.
Este coñecemento servíalles para navegar.
Os insulares navegaban tanto de día como de noite.
Para eles o mar era unha conexión
entre descoñecidos, veciños e linguas diferentes.

A primeira illa en **poboarse** foi Nova Guinea.
Este pobo arribou alí hai máis de 60 mil anos.
Nova Zelandia foi a última illa en poboarse.
Os insulares chegaron a Nova Zelandia hai 800 anos.

Poboar
Encher un lugar con persoas, animais ou plantas.



Embarcación tradicional.

• Retos para o futuro

Hoxe en día, os habitantes do Pacífico teñen diversas ameazas, como: o cambio climático, a subida do nivel do mar e a contaminación.

Profesionais do mundo da arte, da educación e do **mundo das letras** das illas do Pacífico esfórzanse por concienciar sobre o delicado estado da rexión.

Mundo das letras
Persoas que escriben libros.

George Nuku é un artista maorí.
Nuku é famoso polo seu traballo artístico con botellas de plástico recicladas.
Nuku utiliza as súas obras para concienciar sobre os residuos e a saúde do noso planeta.

A obra de Nuku na exposición chámase *Bottled Ocean*, en inglés.
Este nome significa «océano embotellado» en galego.
Toda a peza son botellas de plástico.
Na obra vemos moita luz, cores vivas e animais mariños.
A obra presenta un océano asolagado de plástico.



George Nuku diante da obra *Bottled Ocean*.

EXPOSICIÓN

Voces do pacífico. Innovación e tradición

Exposición organizada coa colaboración de:

XUNTA DE GALICIA · GALICIA CALIDADE · Xacobeo 2027 · The British Museum · Fundación "la Caixa" · CG autismoGALICIA